



FEDERACION GALEGA
DE AUTOMOBILISMO

E-Mail: fga@fga.es
http://www.fga.es
Tlfo: 988 272 641 - Fax: 988 271 461
Ctra. de Vigo, 43 Bairo - O Pino
32001 OURENSE



COMUNICADO Nº 083/20
22 DE MAIO DE 2020

❑ ¿PÓDESE REABRILLO DEPORTE DO AUTOMOBILISMO Ó AIRE LIBRE?:

Solicitado informe, a Delegación do Goberno en Galicia, sobre a incidencia das medidas a adoptar a raíz da declaración do Estado de Alarma en actividades desenvoladas por deportistas federados de Automobilismo, e na organización das súas probas, dannos resposta e interpretación realizada sen prexuízo de mellor criterio que poidan ter ó respecto as autoridades delegadas as que se refire o Real Decreto 463/2020, de 14 de Marzo, polo que se declara o Estado de Alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo Covid-19.

1.- ¿Poden reabrilos circuítos ó aire libre, para realizalas súas actividades?:

O artigo 41 da Orde SND/399/2020, de 9 de Maio do 2020, para flexibilizar determinadas restricións de ámbito estatal, establecidas trala declaración do Estado de Alarma en aplicación da Fase 1 do plan para a transición para unha nova normalidade, establece que se poderá proceder a apertura da realización de probas de Automobilismo ó aire libre coas limitacións que esixe o citado artigo. Poderán acceder a práctica deportiva os deportistas federados, oficiais, e técnicos da Federación Galega de Automobilismo. Os circuítos poden abrilas súas instalacións deportivas sempre que se cumpran as medidas preventivas e os requisitos que para o desenrolo do Automobilismo se recolle no artigo 41 da Orde SND/399/2020 e no artigo 7 da Orde TMA/400/2020, e os permisos deportivos da Federación Galega de Automobilismo, licencias, e autorizacións administrativas habituais para o exercicio do Automobilismo Deportivo na Galicia.

2.- ¿Pódese acceder a práctica do Deporte de Automobilismo?:

A Orde SND/388/2020 permite a deportistas federados de Automobilismo acceder libremente, no caso de resultar necesario, a aqueles espazos para desenrolar o seu adestramento (circuítos, rúas). O acceso non está prohibido tampouco para o desenrolo do deporte federado conforme dispón a Orde SND/380/2020.

3.- ¿Práctica do deporte de Automobilismo ó aire libre?:

A práctica do deporte de Automobilismo ó aire libre, na Fase 1 na que nos atopamos régúlase en diversas disposicións para o deporte federado, e dependendo si se desenrola ó aire libre ou en circuítos. Os deportistas federados régúlanse na Orde SND/388/2020, de 3 de Maio do 2020, polo que se establecen as condicións para a práctica do deporte federado. Neste caso, poderase realizar adestramentos de forma individual ó aire libre, dentro dos límites da provincia onde se resida (o deportista federado). Neste intre pódese desprazar entre concellos.

Por último, a actividade en circuítos ó aire libre, aos que se refire a Orde SND/399/2020, de 9 de Maio do 2020, para a flexibilización de determinadas restricións na Galicia, establecidas trala declaración do Estado de Alarma en aplicación da Fase 1 do plan para a transición cara unha nova normalidade, pódese facer dentro da provincia e sen franxas horarias.

**ASESORÍA XURIDICA
DA FEDERACIÓN GALEGA DE AUTOMOBILISMO**